

**Acta da Sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello de Cerceda
de 7 de febreiro de 2022**

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as 21 horas e 3 minutos do día 7 de febreiro de 2021, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Juan Manuel Rodríguez García, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

Asistentes:

Grupo Municipal Socialista:

D. Juan Manuel Rodríguez García.
Dna. Cristina Capelán Cancelo.
D. Francisco Javier Boquete Cambón.
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.
D. Jesús Rama Bello
Dna. Catrina Queijo García
D. Angel Gestal Gomez

Grupo Municipal Popular:

D. José Francisco Santos Regueiro
Dna. Celia López Pallas.
D. Jesús Picón Pardo
Dna. Lorena García Costa.
Dna. Lorena Juncal Silveira

Grupo Municipal Mixto:

D. Alberto Sánchez Regueiro.

Secretario Xeral: Raúl Martínez Martínez.

Interventora: Pilar Martínez Villar.

A Presidencia, tras comprobar nos términos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

Orde do día

Ratificación da urxencia

Acordos

Primeiro: Aprobación, se procede, do Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN UNICO CONCELLOS)POS+2022.

Segundo.- Aprobación se proced do POS ADICIONAL 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022.

Ratificación da urxencia.

Sometida a votación a ratificación da urxencia resulta aprobada por unanimidade.

Acordos

Primeiro: Aprobación, se procede, do Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN UNICO CONCELLOS)POS+2022.

O Alcalde-Presidente explica as obras que se pretenden realizar e da lectura ó acordo:

“1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

| | Deputación |
|----------------------------------------------------------------------|-------------------|
| Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes | |
| Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final) | |
| Subtotal gasto corrente | |

B) Financiamento de investimentos:

| ACHEGA PROVINCIAL 2022 | FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO | | | | |
|------------------------------------------------|--------------------------------------|-------------------------|--------------------------------------------------------------|-----------------------|------------------------|
| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible (só abastece m. auga potable) | Total Concello | |
| SENDA PIÑEIRO CAMPO DE FUTBOL O ROXO | 208.725,00 | 0 | 0 | 0 | 208.725,00 |
| Subtotal investimentos | 208.725,00 | 0 | 0 | 0 | 208.725,00 |

| | | | | |
|---------------------------|----|--|--|--|
| achega provincial 2022 | 00 | | | |
|---------------------------|----|--|--|--|

| ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles) | FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO | | | | |
|------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------|------------|-------------------------------------------------------------------------|-------------------|------------|
| | Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | | |
| Achega municipal | | | IVE soportado deducible (só abastece m. auga potable) | Total Concello | |
| SISTEMA DE DEPURACION EN A SILVA E OUTROS | 172.884, 27 | 0 | 0 | 0 | 172.884,27 |
| AMPLIACION DO SISTEMA VIARIO EN SOBREDAFONTE E OUTRAS | 102.077, 23 | 0 | 0 | 0 | 102.077,23 |
| Subtotal investimentos achega provincial 2021 | 274.961, 50 | 0 | 0 | 0 | 274.961,50 |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.Redución de débeda con entidades financeiras:

| Entidade financeira | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda |
|------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|
| A BANCA | 15.654,38 |
| Subtotal redución de débeda con entidades financeiras | 15.654,38 |

D Resumo:

| POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENT O | Deputación | Concello | | | Orzamen to Total |
|---------------------------------------------|------------|----------|------------------------------------------------------------------------|-------------------|------------------------|
| | | Concello | IVE Soportado deducible (só abastecem auga potable) | Total concello | |
| A- GASTOS CORRENTES | | | | | |
| Achega 2022 | 0 | | | | 0 |
| Achega 2021 (Excep. | 0 | | | | 0 |

| | Base 2.1) | | | | | |
|------------------------------------|--------------------------|------------|---|---|---|------------|
| B- INVESTIMEN TOS | Achega 2022 | 208.725,00 | 0 | 0 | 0 | 208.725,00 |
| | Achega 2021 | 274.961,50 | 0 | 0 | 0 | 274.961,50 |
| C- REDUCCIÓN DÉBEDA | Préstamo 2022 | 15.654,38 | | | | 15.654,38 |
| | Achega 2022 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| | Achega 2021 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| | Préstamo 2022 | 0 | | | | 0 |
| | TOTAL | 499.340,88 | 0 | 0 | 0 | 499.340,88 |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado) | Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abasteceme nto auga potable) (A) | IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abasteceme nto auga potable) (B) | Orzamento subvencion able (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abasteceme nto) (C= A-B) |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| BEIRARRUAS EN RUA DA SAUDE E OUTRAS | 203.463,21 | 0 | 203.463,21 |
| MELLORA DE CAPA DE RODAXE DA PISTA DE A CAPILLA A ASTANDE E OUTRAS | 195.730,95 | 0 | 195.730,95 |
| TOTAIS | 399.194,16 | 0 | 399.194,16 |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Intervencións que se citan:

O concelleiro Sr. Santos manifesta que en xeral están de acordo, pero con correccións.

O concelleiro Sr. Sánchez parécenlle ben, sobre todo o saneamento pero, puntualiza, debe ir acompañado de depuradoras.

Contesta o Sr. Alcalde que a razón de non convocar a comisión informativa foi o retraso na chegada dos proxectos, por iso se fixo a sesión extraordinaria e urxente, pero hai que ter en conta que lle pasan os proxectos. Explica a casuística de Sobredafonte, e con respecto dos retrasos fala da falta de autorizacións. Enumera os proxectos do plan complementario e asegura que con respecto das depuradoras que se está a buscar fondos.

O concelleiro Sr. Santos asegura que a obra de Sobredafonte leva pendente dende o ano 2017.

O Sr. Sánchez pregunta pola obra do colexio.

Responde o Sr. Alcalde que se alegra de que se interesen por Sobredafonte e no relativo o colexio asegura que se iniciará nas próximas semanas.

Sometida a votación a urxencia do asunto resulta aprobado por unanimidade.

Sometido a votación o asunto resulta aprobado por unanimidade.

Segundo.- Aprobación, se procede, do POS ADICIONAL 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022.

O Sr. Alcalde procede a explicar o desglose dos gastos que se financiarán a cargo deste Plan:

“Vistas as bases Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2022

PROPOÑO

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ Adicional 1/2022”** da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

| | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022 | 76.053,75 € |
| Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios | 76.053,75 € |

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS | PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A) | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B) | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B) |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------|----------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p> | | | |
| <p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p> | | | |

| | | | |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|
| <p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p> | 642.092,88 € | 397.258,00 € | 244.834,88 € |
| <p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p> | | | |
| <p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</p> | | | |
| <p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p> | | | |
| <p>g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p> | | | |
| SUBTOTAL GASTOS CORRENTES | 642.092,88 € | 397.258,00 € | 244.834,88 € |
| <p>h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p> <p>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</p> | 3.693,90 € | | 3.693,90 € |
| <p>i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).</p> <p>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</p> | 3.175,68 € | | 3.175,68 € |
| SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO | 6.869,58 € | | 6.869,58 € |
| TOTAL | 648.962,46 € | 397.258,00 € | 251.704,46 € |

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Sométese a votación a urxencia deste asunto que resulta aprobada por unanimidade.

Sométese a votación o asunto que resulta aprobada por unanimidade.

Non habendo mais asuntos que tratar levántase a sesión sendo as vinte e unha horas e vinte e sete minutos , da que eu Secretario Xeral, extendo a presente acta

Alcalde-Presidente

Secretario Xeral

Juan Manuel Rodríguez García

Raúl Martínez Martínez.